

CONTRAFACES

Dirección Fon Cortizo **Guión** Fon Cortizo e Alexandre Cancelo **Ano** 2015
Duración 75 min. **Música** David Regueiro **Cámara** Javier Álvarez **Interveñen**
Erin Moure, Elías Portela, Iolanda Zúñiga, Chus Pato, Fran Alonso.

Sinopse A canadense Erin Moure descubriu as súas orixes galegas hai 20 anos, o que rematou por mudar a súa vida e a súa poesía. En Islandia, Elías Knörr é un recoñecido poeta. Durante anos conseguiu manter oculta a súa identidade, agora explora novos camiños de creación. Iolanda anda na procura da súa propia voz desde que descubriu que algúns dos seus poemas xa foran escritos noutros idiomas. Ninguén semella saber quen é Elisa Sampedrín, pero ela segue escribindo e influíndo en creadores e creadoras de diferentes partes do mundo.

Festivais *Contrafaces* foi seleccionado para a sección Media Library do Festival Internacional de Nyon, coñecido tamén coma Visions du Réel. Viuse ademais en festivais galegos coma Play Doc, Cineuropa ou Primavera do Cine.

MAIO, MES DA LINGUA 2018 #2
[Mércores 23 • 20:00 h • Casa das Campás]



CONTRAFACES

FON CORTIZO

www.facebook.com/cineclubepontevedra cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo <https://www.facebook.com/SNLCancellodePontevedra/>



CINECLUBE PONTEVEDRA
SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

«En *Contrafaces* todo son faces. As rodas son faces, unha mesa é unha face, o talo da herba ten unha expresión que é facial. Cando Lévinas dixo “a face non é da orde do visto” establecía a conexión correcta pero á inversa. Todo o que se ve son faces. Son contrafaces».

ELISA SAMPEDRÍN

NOTA DO DIRECTOR

Contrafaces diverxe das liñas e estándares propios do documental, aínda cando trata de documentar realidades. Realidades ás veces creadas, ás veces imaxinadas. Ficcións que se transforman en reais enchendo as páxinas dos libros. Se o falso documental utiliza a retórica da non-ficción para contar historias ficticias, *Contrafaces* podería ser considerado un antidocumental ou contradocumental, documentando paisaxes interiores, ficcións feitas realidade, procesos creativos... Unha mirada a como as linguas constrúen identidades tanto individuais como colectivas e como o proceso creativo devén nun proceso colaborativo no que as identidades autorais acaban por diluírense.

CONTRAFACES OU A NON IDENTIDADE DO ARTISTA

Contrafaces foxe do retrato convencional do artista. «Non é un documental sobre uns poetas, senón sobre persoas que crean. A creación é o importante», subliña o director, Fon Cortizo. Identidade/autoría, ficción/realidade, inspiración/orixinalidade e tradución/creación son algúns dos pares de conceptos en que se artella este proxecto, protagonizado por Erin Moure, Elías Portela, Iolanda Zúñiga, Fran Alonso e Chus Pato.

Contrafaces partiu dunha proposta do poeta galego emigrado en Islandia Elías Portela. «Elías inspirouse en Erin Moure para crear o seu heterónimo, Elías Knörr. Tiñamos, así, un poeta galego que emigra e comeza a escribir en islandés e unha poeta canadense que volveu ás súas orixes galegas e que decidiu escribir en galego por medio dun heterónimo, Elisa Sampedrín. A raíz do encontro entre os dous, saíron moitos temas. Ademais, pareceunos interesante crear unha personaxe, que interpreta Iolanda Zúñiga, que é unha escritora que se sente bloqueada e que resultou que coincidía moito con como é ela en realidade», explicou Cortizo.

Deste xeito, *Contrafaces* érguese sobre o par Elías Portela/Erin Moure por un lado e Elías Portela/Iolanda Zúñiga polo outro. Mais é máis complexo. Porque Elías Portela desdóbrase en Elías Portela/Elías Knörr, aínda que Elías Portela vai gañándolle terreo ao seu heterónimo. Ao mesmo tempo que Iolanda Zúñiga

se move tamén entre a persoa —a escritora real— e a personaxe creada para ela. Doutra banda, Chus Pato é no documental a voz de Elisa Sampedrín, sen deixar tampouco de ser a Chus poeta. O xogo persoa/personaxe sustenta, así, todo o discurso do documental, que apunta, segundo o director, que «non é a identidade, senón a obra, o importante. O relevante son os libros e non quen son os poetas».

Os diálogos do documental baséanse, en gran medida, na improvisación dos protagonistas, realizada a partir de propostas de conversas sobre conceptos determinados, como a inspiración. Todo conduce, desta maneira, á reflexión sobre o proceso de creación. «Quixemos facer unha película complexa, pero accesible e divertida. Poética, pero non demasiado», indica Cortizo. Unha anécdota divertida é, precisamente, un dos fíos dos que tirou Cortizo para realizar este filme. «Unha xornalista pensou que Erin Moure inventara a Chus Pato e o galego, non contenta con escribir en inglés ou en francés. E Erin o que inventou foi a Elisa, da que Chus le textos, ademais de textos nosos que poñemos en boca de Elisa/Chus. Erin, ademais, traduce, e entende a tradución como un proceso creativo. Así, todos os conceptos do documental vanse relacionando», engadiu.

O documental apóiase tamén nun xogo de contrastes: Iolanda e Elías dunha banda, e Iolanda e Fran Alonso da outra. Iolanda, a personaxe, descobre que o que ela quería escribir xa o estaba a escribir Elías Portela/Knörr. E comenta co seu editor real —Fran Alonso— as súas dúbidas. «A Fran Alonso pedímoslle que fixese de editor duro, que a presionase para escribir, pero el dixo que en Galicia iso non era así», lembra o director. Da mesma maneira, Elías ía mudando o guión segundo o que Elías Knörr diría ou faría, e Iolanda ía achegando a súa personaxe á súa propia personalidade. Ao mesmo tempo, Elías ou Erin mantiñan conversas con outras persoas/personaxes que non son identificadas, remarcando a idea de que o importante non é a identidade. Nin, se cadra, cal é a copia ou o orixinal. Quen escribe e quen traduce. Quen crea e quen asina. Dualidades, quizais, falsas. Mais, que é o falso e o verdadeiro, a realidade e a ficción?

Dopico, M. (28.11.2015). *Contrafaces ou a non-identidade do artista*. *Praza Pública*. [Data de consulta: 23/3/2018]. Recuperado de: <http://praza.gal/cultura/10615/angelica-liddell-pode-acer-tar-ou-errar-pero-non-minte-traballa-desde-a-dor-e-e-todo-verdade/>.